



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
D^a M^a Terese Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Enrique Barreiro Alonso
D^a Carmen Becerra Suárez
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. Manuel Fernández Areal
D. Joel Fernández Soto
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas
D. José M^a Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
D^a Laura González Novoa
D^a M^a do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José Manuel Santos Suárez
D. José A. Veiro García

DESCULPAN ASISTENCIA

D. José M^a Correa Otero
D. Manuel López Iglesias
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Luis Pérez Gómez

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vintecatro de xaneiro de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, no Salón de Actos da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal, no Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

O venres, **día 24 de xaneiro de 1997**, ás 11.00 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (20-12-96).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, da concesión de premios extraordinarios de doutoramento.
- 4º.- Aprobación, se procede, da concesión de premios extraordinarios de licenciatura.
- 5º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE e Transformacións.
- 6º.- Elección, se procede, da Comisión de Cursos e Convenios.
- 7º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial, e, de acordo co Acordo-marco aprobado en X. de G. de 22.12.95, coa Fundación Alexandre Bóveda e coa Mancomunidade do Val Miñor.
- 8º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenios de colaboración para a construción dos seguintes centros: "Ciencias Sociais de Pontevedra", "Dereito e Empresariais de Ourense", "Dereito Económico de Vigo" e ampliación da "Escola de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo"
- 9º.- Aprobación, se procede, de sinatura de protocolo de colaboración coa Alliance Française de Vigo.
- 10º.- Aprobación, se procede, de conformación de Cursos complementarios coma "materias de libre elección".
- 11º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No punto 8 da orde do día engádese o final "e Escola de Empresariais de Vigo".

No **punto 1**, D^a M^a do Carmo Henriques Salido presenta un escrito, anexo I, relativo a acta da sesión anterior, facendo constancia da posible ilegalidade da saída a concurso da praza do Departamento H06 "Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura". Engádense tamén á mesma os motivos de dita saída, alegados polo Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas (anexo II).

Tamén indica a profesora Henríquez Salido que antes da votación tivo que abandona-la sesión por formar parte dun tribunal para a realización dunha oposición.

Faise unha votación co seguinte resultado:

| | |
|-------------------------|----|
| -votos a favor da acta: | 20 |
| -votos en contra: | 1 |
| -abstencións: | 6 |

Apróbase a acta do 20 de decembro de 1996 co voto en contra de D^a M^a do Carmo Henríquez Salido nos puntos da acta que estivo presente.

No **punto 2**, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, informa:

-Sobre a reunión da CRUE (Conferencia de Rectores de Universidades Españolas), na Universidade de Alicante, na que se trataron temas relativos ás novas figuras de profesorado, no que destaca a unificación dos corpos de Catedrático de Escola Universitaria e Titular de Universidade, así como a posibilidade que ten cada Universidade de crea-la figura de profesorado propio. Indica que non se tratou o tema da reforma dos concursos de profesorado. Na reunión tratouse a problemática da Universidade de Alicante coa creación da Universidade de Elche e o posible traslado da Facultade de Medicina. Traerase á próxima Xunta de Goberno un documento de solidariedade co Rector de Alicante, ó que se sumaron o resto de Universidades do Estado.

-Do resumo entregado pola CIUG do curso 95/96 do que destaca o remate do proceso de matriculación o día 18.10.96, felicitando ó Persoal de Administración e Servicios pola súa colaboración en todo o proceso. A previsión para o vindeiro curso é estima que no mes de xullo o 90% dos alumnos estean matriculados nos distintos cursos. O informe sinala que ó 90% dos alumnos asignóuselle unha das tres primeiras titulacións solicitadas. No que se refire á Universidade de Vigo cinco titulacións non cubriron tódalas prazas (Física, Historia, Filoloxía Galega, Hispánica e Inglesa), e que as titulacións máis demandadas foron Enfermería, Dereito, Bioloxía, Empresariais, Dirección e Administración de Empresas, Química, Economía, Educación Física, Relacións Laborais e Fisioterapia.

-Que se está a negocia-las relacións de postos de traballo do persoal de administración e servicios.

-Que xa se teñen os resultados da avaliación docente, indicando que se pasou de 50.000 a 80.000 avaliacións.

-Que o Consello de Campus de Pontevedra xa emitiu o informe sobre o traslado de Filoloxía Galega ó Campus de Vigo, que este é favorable e que se traerá á próxima Xunta de Goberno.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, informou sobre a rede de datos e comunicacións e sobre as actividades do Vicerrectorado e da Oficina de I+D. Indica que nas convocatorias do ano 1996 aprobaronse 429 solicitudes dun total de 608.

No **punto 3**, apróbase a concesión de premios extraordinarios de doutoramento en:

- Economía: D^a Ana Esther Castro Fernández,
- Matemáticas: D. Eduardo Liz Marzán,
- Química: D. José Luis Alonso González,
- Bioloxía: D. Luis González Rodríguez e
D^a M^a José Pérez Alvarez.

No **punto 4**, apróbanse os premios extraordinarios de licenciatura de Dereito: da promoción 90-

95 a D^a M^a Dolores Fernández Fustes e da promoción 91-96 a D^a M^a Cristina Reza Conde.

No **punto 5**, apróbase a modificación do permiso solicitado por D^a Matilde Mateo Sevilla (concedido do 15.02.97 ó 15.02.98), quedando do 15.02.97 ó 15.03.97 e do 01.09.97 ó 01.02.98.

D^a M^a do Carmo Henriques Salido fai constar en acta que se debe entrega-la documentación cando se envía a orde do día.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

| | | | | |
|-----|-----|--------|------------|---|
| C01 | 660 | CAT-UN | Vigo | - - - |
| C02 | 240 | TIT-UN | Vigo-Pont. | Benito Rueda, Elena (Concurso de Méritos) |
| H06 | 573 | TIT-UN | Vigo | Dasilva Fernández, José Manuel |
| T11 | 785 | TIT-UN | Vigo | Rodríguez Andina, Juan José |
| X07 | 230 | TIT-UN | Vigo | Fernández-Feijoo Souto, Belén |
| C06 | 200 | CAT-EU | Ourense | Fernández Méndez, José Luis (Concurso de Méritos) |
| T02 | 535 | TIT-EU | Vigo | Miranda Blanco, Blanca Nieves |

Apróbanse as seguintes transformacións de prazas:

| | | | |
|-----|-----|---|--------------------|
| T12 | 800 | Aguado Agelet, Fernando Antonio | de PP1 a TIT-UN(I) |
| H04 | 345 | Martín Lucas, Belén | de PP2 a TIT-UN(I) |
| T04 | 555 | Longo González, M ^a Asunción | de PP1 a PP2 |
| X09 | 650 | Crespo Franco, Tony | de PP1 a TIT-UN(I) |
| X09 | 650 | Vila Alonso, M ^a de las Mercedes | de PP1 a TIT-UN(I) |
| X03 | 140 | Rabanal Carbajo, Pedro Francisco | de PP1 a TIT-UN(I) |

No **punto 6**, elíxense os membros da Comisión de Cursos e Convenios:

| | | |
|--------------|---|---------------------|
| -Profesores: | D. Emilio Fernández Suárez | (Mat. e CC. Exper.) |
| | D. Jesús González Maestro | (Humanidades) |
| | D. Alberto Gago Rodríguez | (Xur-Social) |
| | D. Perfecto Mariño Espiñeira | (Tecnolóxico) |
| -Alumnos: | D ^a M ^a Teresa Allut Roig | |
| -PAS: | D. Ramón Araújo Casado | |

No **punto 7**, apróbase a sinatura do convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial (anexo III), e segundo o acordo-marco aprobado en X. de G. de 22.12.95 coa Mancomunidade do Val Miñor.

Sobre a sinatura do convenio coa Fundación Alexandre Bóveda, faise unha votación:

| | |
|-------------------|----|
| -votos a favor: | 25 |
| -votos en contra: | 1 |
| -abstencións: | 0 |

Apróbase a sinatura do convenio coa Fundación Alexandre Bóveda.

D^a M^a do Carmo Henriques Salido fai consta-lo seu voto en contra, xa que pide un maior rigor e respecto cos Mártires da Galicia.

No **punto 8**, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, explica o proceso para chegar ó acordo da sinatura destes convenios.

Os membros da Xunta de Goberno manifestan a súa felicitación por esta sinatura, aínda que se pon de manifesto a súa preocupación por algunha das cláusulas.

D^a M^a do Carmo Henriques Salido, respecto ó anterior, pide que se tomen as máximas cautelas coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Apróbase a sinatura de convenios de colaboración entre:

-Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra para a construción de:

-Centro Docente de Ciencias Sociais no Campus de Pontevedra (anexo IV).

-Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo:

-Centro Docente Dereito Económico no Campus de Vigo (anexo V).

-Centro Docente ampliación da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial e da Escola Universitaria de Estudos Empresariais no Campus de Vigo (anexo VI).

-Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para a construción de:

-Centro Docente de Dereito e Empresariais no Campus de Ourense (anexo VII).

No **punto 9** o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Peñalver Freire, explica o convenio coa Alliance Française, indicando que son cursos avalados polo Ministerio de Educación Francesa e que os membros da Comunidade universitaria teñen unha redución nas matrículas.

Faise a votación co seguinte resultado:

-votos a favor: 16

-votos en contra: 0

-abstencións: 2

Apróbase o protocolo coa Alliance Française de Vigo (anexo VIII).

No **punto 10** o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas, explica a proposta sobre conformación dos cursos complementarios como materias de libre elección que serán validables dentro do mesmo ámbito científico e sempre de acordo co establecido no punto X e 1.6 e 1.7 do anexo da normativa dos mesmos, propondo que sexan con efecto retroactivo a tódolos cursos complementarios impartidos que figuraron coma materias de libre elección.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor: 22

-votos en contra: 2

-abstencións: 1

Apróbase a conformación dos cursos complementarios como materias de libre elección, en aplicación do punto 2.3 da Normativa sobre estas materias, que serán validables dentro do mesmo ámbito científico e sempre de acordo co establecido no punto X e 1.6 e 1.7 do anexo da normativa dos mesmos, con efecto retroactivo a tódolos cursos complementarios impartidos que figuraron coma materias de libre elección.

No **punto 11**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. MANUEL XESÚS FONTÁN BOUZAS.-

- 1) Pide que se elixan os alumnos do Consello de Campus de Pontevedra.
- 2) Pregunta se hai algunha materia de Enxeñería Técnica Forestal sen profesor (*O Director da Escola, D. Eduardo Rubiales Camino di que non*).

-D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.-

Pregunta:

- 1) ¿Cal foi o nivel de execución do orzamento do ano 96? ¿Cal é a desviación porcentual dos ingresos? ¿Cal é a porcentaxe de execución dos distintos capítulos de gasto: Persoal, gasto corrente, investimentos?

O Comité de Empresa encargoume que lle faga as preguntas seguintes:

- 1) ¿Cal é o modelo de Biblioteca Universitaria? ¿Cal debe se-la estrutura de persoal segundo este modelo? No caso de que non estea definido ¿cando realizarán unha proposta de deseño deste servizo?
- 2) ¿Cando coñeceremo-la súa proposta de configuración e estrutura dos Servizos Informáticos de Xestión e Investigación?
- 3) ¿Cal é a súa opinión ó respecto da ORI e da OTRI (Oficina de Transferencias de Recursos de Investigación)? ¿Como debe configurarse e que estrutura debe ter?
- 4) ¿Cal foi a facturación do CACTI no ano 96?

-Dª Mª DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.-

- 1) Pregunta se se aplica o artigo 39-4 da LRU na saída a BOE dunha praza da área de Traducción na que se poden presenta-los Catedráticos de Instituto (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, di que se aplica xa que o indican as normas da LRU*).
- 2) Cando se reparte ós novos Departamentos a partida correspondente ós cursos de Doutoramento.
- 3) Insiste no traballo existente nos departamentos polo que un administrativo repartido é insuficiente. Pide que se aumente o número de administrativos.
- 4) Pide que se cumpra o artigo 229 dos Estatutos da Universidade de Vigo, e se non se cumpre, que se elimine.
- 5) Pregunta a que Xunta de Centro pertence xa que ó principio de curso pertencía a Humanidades e agora parece que está en EXB Ourense.
- 6) Sobre a avaliación docente indica que a enquisa ten demasiadas preguntas. Esixe que se forme un equipo que leve á práctica a máxima vixilancia. Pide que os datos sexan confidenciais.
- 7) Pide que o Vicerrector de profesorado e a Comisión de Docencia miren con "lupa" os PODs dos departamentos cotexados con docencia impartida.
- 8) Pide que se cumpran os convenios (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, di que os convenios se asignan para que se cumpran*).
- 9) Que a Comisión de Docencia de informe favorable ós profesores invitados só como medida excepcional.

-D. JOSÉ A. VEIRO GARCÍA.- Pregunta como é posible que o Arquitecto-Asesor renuncie se non existía ningún contrato. Pide que se responda ás súas preguntas formuladas en Xuntas de Goberno anteriores.

-Dª CARMEN BECERRA SUÁREZ.-

- 1) Quere deixar claro que a Comisión de Docencia mira con lupa os PODs de tódolos departamentos.
- 2) Solicita da Xunta de Goberno unha protesta clara en contra do periódico "Faro de Vigo".

3) Se suma ó traslado de Filoloxía Galega ó Campus de Vigo e pide un maior apoio á Facultade de Humanidades.

4) Respecto da petición do Consello de Campus de Pontevedra de Educación Física, que se teñan en conta as instalacións que se precisan.

Algúns membros da Xunta de Goberno se suman á proposta sobre o Faro de Vigo.

-D^a LAURA GONZÁLEZ NOVOA.- Roga que se houbo irregularidades na selección de alumnos para o 2º Ciclo de Publicidade e Relacións Públicas se resolvan.

-D. JESÚS ALFAYA FERNÁNDEZ.-

1) Amosa a súa preocupación porque os órganos de goberno pidan titulacións como Física nas que logo non se cobren as prazas.

2) Pide que se faga un reparto equitativo nos préstamos dos libros das Bibliotecas.

3) Pide que ós cursos que imparte o Vicerrectorado de Investigación, en concreto o de Internet, poidan acceder os alumnos.

4) Pide que se coñezan os resultados da enquisa de avaliación docente.

-D. ALBERTO ALONSO COSTAS.-

1) Pide que se informe ós alumnos dos resultados da enquisa de avaliación docente.

2) Pregunta se a través da rede se pode acceder a datos privados dos alumnos.

-D. JUAN JANEIRO VILABOA.-

1) Pide que se dean os resultados da enquisa de avaliación docente por área e Centro.

2) Pide que a Xunta de Goberno amose a súa protesta pola actitude do Faro de Vigo.

-D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.-

1) Pide que se cree unha comisión de transporte que trate os problemas do transporte ó campus dende tódolos puntos.

2) Pide contestación ós seus escritos presentados ó Secretario Xeral, sobre todo o dos Montañeiros Celtas. Pide a demisión do coordinador de Deportes e do Vicerrector de Estudiantes.

-D. ENRIQUE BARREIRO ALONSO.-

1) Pregunta por que non se informatiza a Biblioteca de Informática de Xestión cando existen propostas (*o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, di que existe un plano xeral de Informatización das bibliotecas cun sistema compatible*).

2) Pide que se resolva o problema da vixilancia no Campus de Ourense (*o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García, indica que o vixiante terá unha xuntanza con tódolos Decanos e Directores dos centros do Campus para trata-lo tema da seguridade*).

3) Di que existen profesores que non están asignados a ningún Centro.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.45 h. do día 24 de xaneiro de 1997, da que eu como Secretario dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto